

**ACTA NÚMERO VINTECATRO DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA TRINTA E UN
DE MARZO DE DOUS MIL NOVE : - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

D. Salvador Duran Bermúdez
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Angel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D^a Susana Fernández Trelles
D. Martín Otero Otero
D^a Gloria González Camiña
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. Manuel Lores Puente
D. José-Ramón López Fernández
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

ESCUSADO:

D. Roberto-Alfonso Fernández Lores

SECRETARIA :

D^a. M^a del Carmen Merino Moína.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta e un de Marzo de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de tratar los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. Faise consta-lo momento de entrada e saída de cada Concelleiro no Salón de Sesións.-----

ACTAS ANTERIORES :

255 : APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE XANEIRO E 2 E 6 DE FEBREIRO : Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, aprobáronse as referenciadas actas por unanimidade.-----

256 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 1381/08 Á Nº 3140/09) : A **Sra. Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as Concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por informada.-----

257 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA : En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co art. 41.22 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A **Sra. Presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as Concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifieste. Non se produce ningunha solicitude.

A Corporación dáse por informada.-----

258 : PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DE SANXENXO DE VARIOS TRAMOS DA ESTRADA PROVINCIAL 9208 NOALLA – AIOS : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo que literalmente di:

“””””2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DE SANXENXO DE VARIOS TRAMOS DA ESTRADA PROVINCIAL 9208 NOALLA – AIOS : Pola Sra. Secretaria dáse lectura á Proposta da Alcaldía que contén os antecedentes do expediente, do tenor literal seguinte :

“””””Visto o escrito remitido pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, ó que achega certificación do Pleno da Corporación Provincial sobre o asunto relativo á Aprobación do Cambio de titularidade a favor do Concello de Sanxenxo de determinados tramos antigos da Estrada Provincial (E.P.) 9208 Noalla – Aios, para a súa incorporación á relación de estradas de titularidade deste Concello.

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos :

PRIMEIRO: Aceptar a cesión a favor do Concello de SANXENXO da titularidade dos seguintes tramos da E. P. 9208 Noalla – Aios :

- 1.- Tramo 1 (P.K. 2+200) Superficie : 280 m²
- 2.- Tramo 2 (P.K. 2+400) Superficie : 575 m²
- 3.- Tramo 3 (P.K. 2+800) Superficie : 189 m²
- 4.- Tramo 4 (P.K. 2+856) Superficie : 3.078 m²
- 5.- Tramo 5 (P.K. 2+966) Superficie : 1.731 m²

SEGUNDO: Asumir, a partir da formalización da entrega, á xestión, mantemento, conservación e explotación de ditos tramos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponder como nova administración titular da mesma.

TERCEIRO: Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello para a sinatura da acta de entrega que con tal fin se elabore“””””.

A Sra. Alcaldesa informa que se trata de sobrantes da Estrada Provincial Noalla – Aios.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, representante do Grupo Municipal Mixto, pregunta polo destino destes sobrantes.

A Sra. Alcaldesa contesta que se poden habilitar áreas de descanso xa que nalgunhas zonas existe un ancho de 20,00 m².

O Sr. Rodríguez Lorenzo, manifesta que pode solicitarse da Deputación Provincial a cesión ó Concello da Avda. Luis Rocafort en Sanxenxo.

A Sra. Alcaldesa mostrase contraria a esa posibilidade.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade de tódolos grupos municipais e en consecuencia, a Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo, acorda propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo :

PRIMEIRO: Aceptar a cesión a favor do Concello de SANXENXO da titularidade dos seguintes tramos da E. P. 9208 Noalla – Aios :

- 1.- Tramo 1 (P.K. 2+200) Superficie : 280 m²
- 2.- Tramo 2 (P.K. 2+400) Superficie : 575 m²
- 3.- Tramo 3 (P.K. 2+800) Superficie : 189 m²
- 4.- Tramo 4 (P.K. 2+856) Superficie : 3.078 m²
- 5.- Tramo 5 (P.K. 2+966) Superficie : 1.731 m²

SEGUNDO: Asumir, a partir da formalización da entrega, á xestión, mantemento, conservación e explotación de ditos tramos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponder como nova administración titular da mesma.

TERCEIRO: Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello para a sinatura da acta de entrega que con tal fin se elabore“”””” .----

Inicia o debate o voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José Luis Rodríguez Lorenzo, manifestando que o Concello lle fai un favor á Deputación asumindo estes terreos.

O concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. David Otero Domínguez, sinala que, a orde lóxica sería que a Deputación executara previamente os proxectos correspondentes a esas zonas e que despois as cedera ó Concello, polo que anuncia que o seu voto será a abstención.

A Sra. Alcaldesa expón que esa sería a orde lóxica, coma no caso das obras executadas pola Deputación na E.P. Bordóns-Dorrón no que inverteu máis de 7.000.000,00 € Indica que neste caso se reciben máis de 6.000,00 m² de terreos sobrantes para adica-los a zonas de espaxamento e disfrute dos veciños.

O Sr. Rodríguez Lorenzo pregunta porqué a Deputación non cede ó Concello a Avda. Luis Rocafort. A Sra. Alcaldesa manifesta que a empresa que execute as obras inverterá cerca de 7.000.000,00 € e que os beneficiarios non serán nin a Deputación nin o Concello, senón os veciños.

Concluído o debate, e sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola abstención : tres (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, acordou :

PRIMEIRO: Aceptar a cesión a favor do Concello de SANXENXO da titularidade dos seguintes tramos da E. P. 9208 Noalla – Aios :

- 1.- Tramo 1 (P.K. 2+200) Superficie : 280 m²
- 2.- Tramo 2 (P.K. 2+400) Superficie : 575 m²
- 3.- Tramo 3 (P.K. 2+800) Superficie : 189 m²
- 4.- Tramo 4 (P.K. 2+856) Superficie : 3.078 m²
- 5.- Tramo 5 (P.K. 2+966) Superficie : 1.731 m²

SEGUNDO: Asumir, a partir da formalización da entrega, á xestión, mantemento, conservación e explotación de ditos tramos, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponder como nova administración titular da mesma.

TERCEIRO: Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello para a sinatura da acta de entrega que con tal fin se elabore.-----

Durante o debate do punto anterior e con permiso da Presidencia incorporase á sesión a Concelleira do Grupo Municipal do B.N.G. D^a. Gloria González Camiña, quen pasa a ocupar seu Escano.-----

260 : “REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAI” – PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN INICIAL : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di :

2º) REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAI” – Proposta da Alcaldía para Aprobación Inicial : Pola Sra. **Presidenta** dáse lectura á Proposta da Alcaldía que contén os antecedentes do expediente, do tenor literal seguinte :

“””””Con obxecto de facilitar á cidadanía a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, o Concello promove o “programa paifillonai” como unha alternativa lúdica e de ocio ofrecendo un recurso para que os nenos e nenas de idades comprendidas entre os tres e os doce anos sexan atendidos por profesionais de ocio e tempo libre durante os meses de xullo e agosto.

O “programa paifillonai” pretende prestar un servizo público que promova a educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade, constituíndo un dispositivo de atención e estancia diúrnas durante o período estival sen eximir ás familias das súas responsabilidades.

Esta regulamentación aspira a constituír un instrumento eficaz para acadar os obxectivos expostos.

Visto o texto deste regulamento e a normativa legal, esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o “REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAI” que consta de **vinteito artigos, catro disposicións finais e catro anexos.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandito programa no Boletín Oficial da Provincia”””””.

De seguido aberto o turno de intervencións por **D^a. Gloria González Camiña representante do Grupo Municipal do B.N.G.** se pregunta á **Sra. Presidenta** si o programa se vaia a desenrolar só en Portonovo ou si se ampliará a Vilalonga.

A **Sra. Presidenta** contesta que en principio, se realizará en Portonovo. Que en caso de acadar matrícula suficiente en Vilalonga tamén se ampliará ás instalacións escolares de Vilalonga.

Preguntado pola mesma Concelleira cal é o número de matrícula previsto. Contestase pola **Sra. Presidenta** que é de 130 prazas permanentes, aínda que o de beneficiarios roldará os 600, por canto se distribuirán por quincenas e outras permanencias.

O non haber máis intervencións, e sometida a votación a proposta de aprobación inicial do “**Regulamento do Programa Paifillonai**”, se prestou aprobación á mesma por maioría, co voto **favorable** dos representantes dos Grupos Municipais do “**P.P.**”, “**P.S. de G.-P.S.O.E.**” e “**V.I.P.S.**” e co voto pola **abstención** da Concelleira representante do **B.N.G.** Consecuentemente a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, emite ó Pleno Municipal o seguinte ditame :

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o “REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAI” que consta de **vinteito artigos, catro disposicións finais e catro anexos.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de trinta días no Boletín Oficial da provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandito programa no Boletín Oficial da Provincia”””””.....

Inicia o debate o **voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José Luis Rodríguez Lorenzo**, e pregunta qué órgano de goberno do Concello ten a competencia para interpretar o Regulamento, xa que figura esta expresión no texto do mesmo.

A **Sra. Alcaldesa** contesta que dependendo do asunto varía o órgano competente, e que non se levará ó pleno municipal ningún asunto que non sexa da súa competencia; ó que replica o **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestando que a Alcaldía

descoñece o tema. De seguido, pregunta polas condicións para ampliación deste servizo ó colexio de Vilalonga, xa que inicialmente só está previsto para Portonovo.

A **Sra. Alcaldesa** contesta que se precisa un mínimo de 50 usuarios para resultar operativo este servizo nun colexio.

A **concelleira do Grupo do BNG , D^a. Sandra Fernández Agraso**, mostra a súa conformidade coas actuacións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar; e indica que este programa pode ser mellorable, no senso de dar resposta ás demandas dos pais sobre o número de prazas xa que non debería haber un número pechado senón a demanda, e sobre os horarios de recollida xa que deberían ser máis flexibles.

A **Sra. Alcaldesa** replica que todo é mellorable, que poderíanse atender ás demandas duplicando o persoal, e indica que non se trata dun programa social senón dun programa de conciliación para padres que se encontren traballando en época estival. A **Fernández Agraso** replica que poderían escalonarse os turnos de recollida dos nenos por horas ata o límite do horario e non un horario fixo de recollida.

A **Sra. Alcaldesa** contesta que o programa se desenvolve mediante unhas actividades e que o horario de recollida ven marcado polo funcionamento do propio programa.

D. José Luis Rodríguez Lorenzo, indica que o programa vai dirixido a padres traballadores que en moitos casos non poden recoller ós seus fillos ás 17:00 h. xa que teñen xornada partida.

A **Sra. Alcaldesa** sinala que este programa beneficia especialmente a mulleres que traballan no verán na hostelería e que, por tanto, o horario se adapta a este perfil.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifesta que o programa redúcese a dous meses no verán e que debería ampliarse; ó que responde a **Sra. Alcaldesa** que a idea é boa pero que non é competencia propia do Concello asumir estes servizos.

Concluído o debate, a Presidencia somete a votación o contido do ditame que é aprobado por unanimidade e, en consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar Inicialmente o “REGULAMENTO DO PROGRAMA PAIFILLONAP” que consta de **vinteito artigos, catro disposicións finais e catro anexos.**

SEGUNDO: Expoñer durante o prazo de **trinta días** no Boletín Oficial da Provincia o expediente ós efectos de recibir reclamacións ou suxestións, considerándose definitivamente aprobado no caso de que estas non se produciran.

TERCEIRO: A eficacia e entrada en vigor deste regulamento producirase unha vez que transcorran quince días dende a inserción do texto do devandito programa no Boletín Oficial da Provincia.-----

261 : ACORDO DE ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA “PAIFILLONAI” – APROBACIÓN INICIAL : Pola Sra. Secretaria dáse conta do ditame da Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di :

“”””2.- ACORDO DE ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA “PAIFILLONAI”. APROBACIÓN INICIAL.- Dáse conta da proposta da alcaldía que, copiada literalmente di:

“En uso das miñas competencias visto o informe solicitado á intervención xeral veño en propoñer perante o Pleno da Corporación o establecemento e ordenación do PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI.

Dita ordenanza reguladora, copiada literalmente, di:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 41 a 47 do *Real Decreto Lexislativo 2/2004*, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello acorda o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa Paifillonai, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º Obxecto.

O programa Paifillonai consiste nunha alternativa lúdica e de ocio, posto en marcha dende o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Sanxenxo, para facilitar á cidadanía deste concello a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ofrecendo un recurso onde nenos e nenas son atendidos por profesionais de ocio e tempo libre, contribuindo á educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade.

Artigo 3º. Inicio da obriga

A obriga de pago do prezo público regulada nesta ordenanza nace dende que se poña en marcha o programa Paifillonai do ano correspondente.

O dereito da administración a esixir o pagamento do prezo público virá determinado pola solicitude da prestación do servizo.

Artigo 4.º Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago deste prezo público, as persoas que voluntariamente, ben de forma temporal ou con carácter estable, se beneficien da prestación deste programa.

Desta forma, poderán solicitar estancia neste programa, por orde de preferencia:

- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo no mesmo.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo neste municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.

Os usuarios que residan a maior parte do tempo noutro concello asumirán o 100% do custo da praza.

Artigo 5º. Período de pago

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do programa Paifillonai por parte dos obrigados ó pago, que abrangue os meses de xullo e agosto

Artigo 6º.- Horarios

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días.

A persoa solicitante do programa deberá optar por unha hora concreta de entrada comprendida entre as 08:00 horas ata as 10:00 horas debendo respectala durante todo o período de matriculación e por horarios de saída correspondentes a cada situación segundo se traten de usuarios/as con ou sen comedor.

O programa contará cun servizo de catering que dará comezo ás 13:30h, polo que ademais do anterior, os horarios de saída poderán dividirse en:

- Sen comedor: Os horarios de saída serán ás 13:20h e 14:30h
- Con comedor: Os horarios de saída poderán ser ás 14:30h, 15:30h e 16:45h.

Artigo 8º. Percepción

1. O pagamento efectuarase mediante un ingreso/ transferencia bancaria nunha conta designada a este efecto, debendo especificarse:
 - nome e apelidos do/a neno/a
 - concepto: Paifillonai
 - período de tempo que está a pagar
2. O resgardo bancario sirve como xustificante de ingreso e deberá entregarse nas dependencias do Centro de Información á Muller (CIM) para rematar o proceso de formalización da matrícula, no prazo prefixado.
3. O pagamento do servizo de comedor poderá ter dúas modalidades:
 - Servizo de comedor habitual por períodos temporais de semanas ou meses: Ingreso bancario indicando o período a pagar, o cal se fará por adiantado, dentro dos 5 primeiros días de cada período mediante transferencia /ingreso bancario, na conta que se sinale, servindo como comprobante de pagamento o resgardo bancario.
 - Servizo de comedor para comidas puntuais: Poderán adquirirse bonos diarios de comedor, que deberán entregarse no propio centro cun mínimo de un día de antelación ao día no que desexa utilizarse.

Artigo 9º.- Exencións e bonificacións.

O/a Presidente/a do Organismo Autónomo ou en quen delegue poderá acordar, en determinadas circunstancias, a exención do prezo público da matrícula para acceder ó programa. Neste caso estarán incluídos aqueles nenos/as pertencentes a familias que residan a maior parte do tempo neste municipio que se atopen en situacións de dificultade social e que os seus ingresos económicos netos do ano anterior a data da solicitude non superen en renda per cápita ao importe mensual da pensión non contributiva establecida anualmente.

A procedencia da exención ou redución acreditarase mediante un informe social elaborado polas traballadoras sociais municipais ou pola educadora familiar municipal dos servizos sociais municipais.

Os beneficiarios que residan a maior parte do tempo neste concello disporán das seguintes bonificacións:

- a) Os matriculados os meses de xullo e agosto:
 - 40% polo primeiro fillo.
 - 55% polo segundo fillo.
 - 70% polo terceiro fillo e seguintes.
- b) Os matriculados un só mes:
 - 30% polo primeiro fillo.
 - 45% polo segundo fillo.
 - 60% polo terceiro fillo e seguintes.
- c) Os matriculados unha quincena:
 - 15% polo primeiro fillo.
 - 30% polo segundo fillo.
 - 45% polo terceiro fillo e seguintes.

Artigo 10º.- Tarifas

As tarifas serán as que figuran no Anexo da presente ordenanza e levarán incluído o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 11º. Normas adicionais

- Formalización da matrícula.

1. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as, estes disporán dun prazo de cinco días hábiles para formalizar a matrícula e proceder ó pago do programa.

2. Os/as admitidos/as neste programa que non formalicen a matrícula no prazo fixado para este fin quedarán excluídos/as da asistencia ó mesmo dando pasa ó chamamento dos/as nenos/as que figuren na listaxe de agarda para que formalicen a matrícula no prazo improrrogable de tres días dende o seu chamamento.

- Listaxe de agarda.

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda deste programa, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda coas persoas solicitantes excluídas.

As solicitudes que foran presentadas fora do prazo establecido a tal efecto tamén se incluírán na listaxe.

Para confeccionar esta listaxe seguirase a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección de persoas admitidas.

Os/as nenos/as en lista de agarda poderán incorporarse ó programa seguindo estritamente a orde na que figure na lista e, en todo caso, en función das baixas que se produzan.

-Baixa do/a usuario/a

O pai, nai ou titor/a pode dar de baixa a un/unha usuario/a no prazo máximo de tres días antes de comezar a actividade para a quenda na que formalizou a matrícula. Neste caso terá dereito a devolución do prezo público.

A baixa realizada fora do prazo fixado non dará dereito a devolución da cantidade aboada, salvo en casos excepcionais debidamente xustificadas.

A baixa no servizo efectuarase por escrito nas oficinas do CIM, sendo a data na que presenta a solicitude considerada como a data de baixa a efectos de administración e de pagamento.

Polo que se propón ao Pleno o acordo de establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa Paifillonai.

Aprobación inicial como figura no anexo da presente ordenanza. “

Igualmente dáse conta do anexo das tarifas que son as seguintes:

“ANEXO

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo noutro concello, non terían dereito a bonificacións. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

	2 MESES	1 MES	2 MES
PREZO POR PLAZA	0 €	6 €	1,50 €

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo neste concello terán dereito as bonificacións e descontos referidos no artigo 9º. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

	MESES	1 MES	2 MES
1º FILLA/O	4 €	6,5 €	88 €
2º FILLA/O	5,50 €	7,25 €	25 €
3º FILLA/O	7 €	€	63 €

“
Constan os estudos de costes regulamentarios así como o informe da intervención xeral favorable á tramitación do prezo público.

Sometido o asunto a votación ofrece o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (Grupo municipal do P.P. e grupo mixto)

Votos pola abstención: Cinco (Grupo municipal do B.N.G. e grupo municipal socialista de Sanxenxo)

En consecuencia, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa “Paifillonai” coa seguinte redacción e tarifas, constando de 10 artigos e un anexo:

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 41 a 47 do *Real Decreto Legislativo 2/2004*, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello acorda o

establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa Paifillonai, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º Obxecto.

O programa Paifillonai consiste nunha alternativa lúdica e de ocio, posto en marcha dende o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Sanxenxo, para facilitar á cidadanía deste concello a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ofrecendo un recurso onde nenos e nenas son atendidos por profesionais de ocio e tempo libre, contribuíndo á educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade.

Artigo 3º. Inicio da obriga

A obriga de pago do prezo público regulada nesta ordenanza nace dende que se poña en marcha o programa Paifillonai do ano correspondente.

O dereito da administración a esixir o pagamento do prezo público virá determinado pola solicitude da prestación do servizo.

Artigo 4.º Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago deste prezo público, as persoas que voluntariamente, ben de forma temporal ou con carácter estable, se beneficien da prestación deste programa.

Desta forma, poderán solicitar estancia neste programa, por orde de preferencia:

- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo no mesmo.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo neste municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.

Os usuarios que residan a maior parte do tempo noutro concello asumirán o 100% do custo da praza.

Artigo 5º. Período de pago

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do programa Paifillonai por parte dos obrigados ó pago, que abrangue os meses de xullo e agosto

Artigo 6º.- Horarios

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días.

A persoa solicitante do programa deberá optar por unha hora concreta de entrada comprendida entre as 08:00 horas ata as 10:00 horas debendo respectala durante todo o período de matriculación e por horarios de saída correspondentes a cada situación segundo se traten de usuarios/as con ou sen comedor.

O programa contará cun servizo de catering que dará comezo ás 13:30h, polo que ademais do anterior, os horarios de saída poderán dividirse en:

- Sen comedor: Os horarios de saída serán ás 13:20h e 14:30h
- Con comedor: Os horarios de saída poderán ser ás 14:30h, 15:30h e 16:45h.

Artigo 7º. Percepción

1. O pagamento efectuarase mediante un ingreso/ transferencia bancaria nunha conta designada a este efecto, debendo especificarse:
 - nome e apelidos do/a neno/a
 - concepto: Paifillonai
 - período de tempo que está a pagar
2. O resgardo bancario serve como xustificante de ingreso e deberá entregarse nas dependencias do Centro de Información á Muller (CIM) para rematar o proceso de formalización da matrícula, no prazo prefixado.
3. O pagamento do servizo de comedor poderá ter dúas modalidades:

- Servizo de comedor habitual por períodos temporais de semanas ou meses: Ingreso bancario indicando o período a pagar, o cal se fará por adiantado, dentro dos 5 primeiros días de cada período mediante transferencia /ingreso bancario, na conta que se sinale, servindo como comprobante de pagamento o resguardo bancario.
- Servizo de comedor para comidas puntuais: Poderán adquirirse bonos diarios de comedor, que deberán entregarse no propio centro cun mínimo de un día de antelación ao día no que desexa utilizarse.

Artigo 8º.- Exencións e bonificacións.

O/a Presidente/a do Organismo Autónomo ou en quen delegue poderá acordar, en determinadas circunstancias, a exención do prezo público da matrícula para acceder ó programa. Neste caso estarán incluídos aqueles nenos/as pertencentes a familias que residan a maior parte do tempo neste municipio que se atopen en situacións de dificultade social e que os seus ingresos económicos netos do ano anterior a data da solicitude non superen en renda per cápita ao importe mensual da pensión non contributiva establecida anualmente.

A procedencia da exención ou redución acreditarase mediante un informe social elaborado polas traballadoras sociais municipais ou pola educadora familiar municipal dos servizos sociais municipais.

Os beneficiarios que residan a maior parte do tempo neste concello disporán das seguintes bonificacións:

- Os matriculados os meses de xullo e agosto:
 - 40% polo primeiro fillo.
 - 55% polo segundo fillo.
 - 70% polo terceiro fillo e seguintes.
- Os matriculados un só mes:
 - 30% polo primeiro fillo.
 - 45% polo segundo fillo.
 - 60% polo terceiro fillo e seguintes.
- Os matriculados unha quincena:
 - 15% polo primeiro fillo.
 - 30% polo segundo fillo.
 - 45% polo terceiro fillo e seguintes.

Artigo 9º.- Tarifas

As tarifas serán as que figuran no Anexo da presente ordenanza e levarán incluído o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 10º. Normas adicionais

- Formalización da matrícula.

1. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as, estes disporán dun prazo de cinco días hábiles para formalizar a matrícula e proceder ó pago do programa.

2. Os/as admitidos/as neste programa que non formalicen a matrícula no prazo fixado para este fin quedarán excluídos/as da asistencia ó mesmo dando pasa ó chamamento dos/as nenos/as que figuren na listaxe de agarda para que formalicen a matrícula no prazo improrrogable de tres días dende o seu chamamento.

- Listaxe de agarda.

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda deste programa, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda coas persoas solicitantes excluídas.

As solicitudes que foran presentadas fóra do prazo establecido a tal efecto tamén se incluírán na listaxe.

Para confeccionar esta listaxe seguirase a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección de persoas admitidas.

Os/as nenos/as en lista de agarda poderán incorporarse ó programa seguindo estrictamente a orde na que figure na lista e, en todo caso, en función das baixas que se produzan.

-Baixa do/a usuario/a

O pai, nai ou titor/a pode dar de baixa a un/unha usuario/a no prazo máximo de tres días antes de comezar a actividade para a quenda na que formalizou a matrícula. Neste caso terá dereito a devolución do prezo público.

A baixa realizada fóra do prazo fixado non dará dereito a devolución da cantidade aboada, salvo en casos excepcionais debidamente xustificadas.

A baixa no servizo efectuarase por escrito nas oficinas do CIM, sendo a data na que presenta a solicitude considerada como a data de baixa a efectos de administración e de pagamento.

A **Sra. Alcaldesa** manifesta, con relación á intervención da Sra. Fernández Agraso, que non é certa a subida lineal do 20 %, e que os usuarios do programa están moi contentos. Sinala que non se rebaixan as políticas sociais e que éste non é un programa social, xa que trátase dun programa de axuda á conciliación da vida familiar e laboral e á igualdade, que non é competencia propia do Concello, e finalmente indica que os usuarios deben pagar por este servizo. Con relación á intervención da Sra. Aguiñ Pombo, a **Sra. Alcaldesa** di que, en parte, de está de acordo e, en parte, en desacordo.

A **Sra. Alcaldesa** indica, con referencia á intervención do Sr. Rodríguez Lorenzo, que o programa se realiza en Portonovo, e no seu caso implantarase en Vilaboa, porque se leva a cabo nos colexios públicos, descoñecéndose os matriculados neste ano. O estudio de custos se basa en gastos do ano anterior, e finalmente sinala que unha das finalidades deste programa é a incorporación da muller ó mundo laboral.

O **voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José Luis Rodríguez Lorenzo**, expón que sabe onde se desenvolve o programa, e considera que si o fin é promover a incorporación da muller ó mundo laboral, será preciso mellorar o programa xa que só contempla dous meses, é dicir 43 días laborables. Reitera a súa desconformidade có estudio de custos porque non recolle os gastos reais nin especifica os ingresos, e sinala que o déficit será maior que o reflectido no estudio.

Concluído o debate, e sometido o ditame a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (Grupo Municipal do PP).

Votos en contra : sete (Grupo Municipal do BNG, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia, a Corporación Municipal en Pleno, por maioría, acordou :

PRIMEIRO : Aprobar Inicialmente o ESTABLECEMENTO E ORDENACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA “PAIFILLONAI” coa seguinte redacción e tarifas, constando de **10 artigos e un anexo:**

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO PROGRAMA PAIFILLONAI

Artigo 1º. Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade cos artigos 41 a 47 do *Real Decreto Legislativo 2/2004*, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este concello acorda o establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do programa Paifillonai, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.º Obxecto.

O programa Paifillonai consiste nunha alternativa lúdica e de ocio, posto en marcha dende o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Sanxenxo, para facilitar á cidadanía deste concello a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ofrecendo un recurso onde nenos e nenas son atendidos por profesionais de ocio e tempo libre, contribuíndo á educación e ocupación do tempo libre dende valores de respecto, tolerancia, cooperación, convivencia e educación en igualdade.

Artigo 3º. Inicio da obriga.

A obriga de pago do prezo público regulada nesta ordenanza nace dende que se poña en marcha o programa Paifillonai do ano correspondente.

O dereito da administración a esixir o pagamento do prezo público virá determinado pola solicitude da prestación do servizo.

Artigo 4.º Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago deste prezo público, as persoas que voluntariamente, ben de forma temporal ou con carácter estable, se beneficien da prestación deste programa.

Desta forma, poderán solicitar estancia neste programa, por orde de preferencia:

- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo no mesmo.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo neste concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo neste municipio.
- Os pais, nais ou titores/as que residan a maior parte do tempo noutro concello e desempeñen postos de traballo noutro municipio.

Os usuarios que residan a maior parte do tempo noutro concello asumirán o 100% do custo da praza.

Artigo 5º. Período de pago.

Coincidirá coa permanencia efectiva no disfrute da prestación do programa Paifillonai por parte dos obrigados ó pago, que abrangue os meses de xullo e agosto

Artigo 6º.- Horarios.

O programa Paifillonai levarase a cabo nos meses de xullo e agosto de luns a venres, dende as 08:00 horas ata as 16:45 horas, permanecendo pechado os sábados, domingos e festivos, podendo acceder ó mesmo en quendas mínimas de quince días.

A persoa solicitante do programa deberá optar por unha hora concreta de entrada comprendida entre as 08:00 horas ata as 10:00 horas debendo respectala durante todo o período de matriculación e por horarios de saída correspondentes a cada situación segundo se traten de usuarios/as con ou sen comedor.

O programa contará cun servizo de catering que dará comezo ás 13:30h, polo que ademais do anterior, os horarios de saída poderán dividirse en:

- Sen comedor: Os horarios de saída serán ás 13:20h e 14:30h
- Con comedor: Os horarios de saída poderán ser ás 14:30h, 15:30h e 16:45h.

Artigo 7º. Percepción.

1. O pagamento efectuarase mediante un ingreso/ transferencia bancaria nunha conta designada a este efecto, debendo especificarse:

- nome e apelidos do/a neno/a
- concepto: Paifillonai
- período de tempo que está a pagar

2. O resgardo bancario serve como xustificante de ingreso e deberá entregarse nas dependencias do Centro de Información á Muller (CIM) para rematar o proceso de formalización da matrícula, no prazo prefixado.

3. O pagamento do servizo de comedor poderá ter dúas modalidades:

- Servizo de comedor habitual por períodos temporais de semanas ou meses: Ingreso bancario indicando o período a pagar, o cal se fará por adiantado, dentro dos 5 primeiros días de cada período mediante transferencia /ingreso bancario, na conta que se sinale, servindo como comprobante de pagamento o resgardo bancario.
- Servizo de comedor para comidas puntuais: Poderán adquirirse bonos diarios de comedor, que deberán entregarse no propio centro cun mínimo de un día de antelación ao día no que desexa utilizarse.

Artigo 8º.- Exencións e bonificacións.

O/a Presidente/a do Organismo Autónomo ou en quen delegue poderá acordar, en determinadas circunstancias, a exención do prezo público da matrícula para acceder ó programa. Neste caso estarán incluídos aqueles nenos/as pertencentes a familias que residan a maior parte do tempo neste municipio que se atopen en situacións de dificultade social e que os seus ingresos económicos netos do ano anterior a data da solicitude non superen en renda per cápita ao importe mensual da pensión non contributiva establecida anualmente.

A procedencia da exención ou redución acreditarase mediante un informe social elaborado polas traballadoras sociais municipais ou pola educadora familiar municipal dos servizos sociais municipais.

Os beneficiarios que residan a maior parte do tempo neste concello disporán das seguintes bonificacións:

- a) Os matriculados os meses de xullo e agosto:
 - 40% polo primeiro fillo.
 - 55% polo segundo fillo.
 - 70% polo terceiro fillo e seguintes.

- b)** Os matriculados un só mes:
- 30% polo primeiro fillo.
 - 45% polo segundo fillo.
 - 60% polo terceiro fillo e seguintes.

- c)** Os matriculados unha quincena:
- 15% polo primeiro fillo.
 - 30% polo segundo fillo.
 - 45% polo terceiro fillo e seguintes.

Artigo 9º.- Tarifas.

As tarifas serán as que figuran no Anexo da presente ordenanza e levarán incluído o imposto sobre o valor engadido.

Artigo 10º. Normas adicionais.

- Formalización da matrícula.

1. Unha vez publicada a listaxe de admitidos/as, estes disporán dun prazo de cinco días hábiles para formalizar a matrícula e proceder ó pago do programa.

2. Os/as admitidos/as neste programa que non formalicen a matrícula no prazo fixado para este fin quedarán excluídos/as da asistencia ó mesmo dando pasa ó chamamento dos/as nenos/as que figuren na listaxe de agarda para que formalicen a matrícula no prazo improrrogable de tres días dende o seu chamamento.

- Listaxe de agarda.

No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda deste programa, unha vez publicada a listaxe definitiva das persoas admitidas, confeccionarase unha listaxe de agarda coas persoas solicitantes excluídas.

As solicitudes que foran presentadas fóra do prazo establecido a tal efecto tamén se incluírán na listaxe.

Para confeccionar esta listaxe seguirase a orde que resulte da mesma baremación empregada para a selección de persoas admitidas.

Os/as nenos/as en lista de agarda poderán incorporarse ó programa seguindo estrictamente a orde na que figure na lista e, en todo caso, en función das baixas que se produzan.

-Baixa do/a usuario/a

O pai, nai ou titor/a pode dar de baixa a un/unha usuario/a no prazo máximo de tres días antes de comezar a actividade para a quenda na que formalizou a matrícula. Neste caso terá dereito a devolución do prezo público.

A baixa realizada fóra do prazo fixado non dará dereito a devolución da cantidade aboada, salvo en casos excepcionais debidamente xustificadas.

A baixa no servizo efectuarase por escrito nas oficinas do CIM, sendo a data na que presenta a solicitude considerada como a data de baixa a efectos de administración e de pagamento.

ANEXO

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo noutro concello, non terían dereito a bonificacións. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

	2 MESES	MES	2 MES
PREZO POR PRAZA	90 €	95 €	7,50 €

Os solicitantes admitidos/as que residan a maior parte do tempo neste concello terán dereito as bonificacións e descontos referidos no artigo 8º. O prezo total por praza que terían que aboar sería:

	MESES	MES	/2 MES
1º FILLA/O	84 €	86,5 €	2,88 €
2º FILLA/O	75,50 €	77,25 €	3,25 €
3º FILLA/O	77 €	83 €	3,63 €

SEGUNDO : De conformidade co disposto no artigo 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de **30 días hábiles** a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

TERCEIRO : Dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar a publicación no mesmo, así como nun diario dos de maior difusión da provincia.

CUARTO : De non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O. da Provincia, sen cuxo requisito non poderá entrar en vigor.-----

URXENCIAS:

262 : ESCRITO DE RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO B.N.G. D. ROBERTO – ALFONSO FERNÁNDEZ LORES : Ó non estar incluído o asunto na Orde do Día da presente sesión a **Sra. Presidenta**, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, manifesta que desexa someter á consideración do Pleno o presente asunto xustificando a urxencia no feito de que é necesario canto antes tramita-la renuncia có fin de que o Concelleiro que o

substitúa poda tomar posesión.

Por asentimento unánime ratifícase a inclusión do asunto na Orde do Día.

Visto o escrito de **D. ROBERTO – ALFONSO FERNÁNDEZ LORES**, Concelleiro e Portavoz do **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.)** polo que comunica a súa renuncia expresa ó cargo de concelleiro e consecuentemente, ó resto dos cargos que por tal motivo ven ocupando.

Visto o escrito presentado por **D. JOSÉ – RICARDO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ**, integrante da candidatura do **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.)** no Posto N° 5, no que comunica a súa renuncia expresa a ocupar o cargo de Concelleiro.

Visto o escrito presentado por **Dª. RITA GÓMEZ TORRES**, integrante da candidatura do **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.)** no Posto N° 6, no que comunica a súa renuncia expresa a ocupar o cargo de Concelleiro.

A **Sra. Secretaria** informa, a instancia da **Sra. Alcaldesa**, da tramitación da renuncia.

O **concelleiro do Grupo Municipal do BNG, D. David Otero Domínguez**, agradece á Corporación a aprobación da declaración de urxencia para a tramitación deste asunto con obxecto de axilizar a recomposición do Grupo.

A **Sra. Alcaldesa** toma a palabra para trasladar ó BNG o recoñecemento e o aprecio por estes anos de dedicación á política municipal de D. Roberto A. Fernández Lores, ó marxe das diferenzas políticas que puideran manter.

A Corporación Municipal en Pleno, dáse por enteira da renuncia do **Sr. Fernández Lores** ó seu cargo de Concelleiro, e acorda remitila á Xunta Electoral Central có obxecto de que se proceda á expedición da credencial de Concelleiro polo **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.)** a favor do integrante da candidatura có Posto N° 7 que é **D. ALBINO CANEDA GONZÁLEZ**, a cuxo efecto remitiranse tamén os escritos presentados polos dous seguintes candidatos no que renuncian tamén ó seu nomeamento.-----

Seguidamente e, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓN :

